



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Marzo 2019 • Nº 234



ENTROIDOS EN VEDRA

CALENDARIO DE ENTROIDOS NO CONCELLO DE VEDRA:

- **Baile de Entroido no Centro Social de Vedra.** Sábado 2 de marzo ás 18:00 h.
- **Concurso familiar de disfraces** na Casa das Artes de Vedra. Luns 4 de marzo ás 17:00 h.
- **Entroido en Vilanova.** O 2 de marzo ás 18:00 h. (No campo da festa de Picón).
- **Entroido en San Xían.** O 9 de marzo.
- **Entroido en Trobe.** O 10 de marzo.
- **Entroido, xantar, baile e concurso de disfraces** na Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón. O 10 de marzo.

AXENDA INICIATIVAS ASOCIATIVAS

- **3 de marzo:** Con motivo do **día da muller** a **Asoc. Berenguela** organiza unha viaxe para participar da **manifestación en Lugo**.
- **9 de marzo:** Última proxección do **Ciclo documental galego de inverno**, organizado pola **Asociación Senunpeso**.
- **Do 22 de marzo ao 13 de abril:** **Teatrofilia 2019**, organizada pola **Asociación Cultural Papaventos**.
- **24 de marzo ás 17 h.** **Festival de bandas xuvenís** da **Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla**.
- **Do 27 de marzo ao 13 de abril:** **Xornadas técnicas de promoción e difusión da cultura do viño no camiño**, organizadas pola comisión de festexos de San Miguel de Sarandón.

MARZO

L	M	MC	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

AXENDA PARA O MES DE MARZO

- **Sábado 16 de marzo:** **visita ao Pazo da Saleta**, dentro das **XXIV Xornadas arredor da camelia**.
- **Propostas dos programas para a xuventude de vedra:** **"Posta a punto"** e **"Punto por punto"**.
- **Venres 29 de marzo** homenaxe a **Mariano Lema**.

VEDRA COAS PERSOAS REFUXIADAS

■ O Concello de Vedra abre un rexistro municipal de familias de acollida para persoas refuxiadas. Este parte dunha iniciativa do PSdeG-PSOE de Vedra e aprobada por unanimidade de todos os grupos políticos no pasado ano 2018. Todas aquelas familias que queiran inscribirse neste rexistro municipal deberán dirixirse ao Departamento de Servizos Sociais, unha vez alí deberán dar conta da súa intención de ser familia de acollida de persoas refuxiadas e despois informaráselles sobre como se desenvolverán estas acollidas. Para máis información, as persoas interesadas deberán remitirse ao Departamento de Servizos Sociais do Concello de Vedra ou no 981 814 693.

HOMENAXE A MARIANO LEMA

Venres 29 de marzo ás 19:00 h. na contorna do campo da festa de Vedra

- Acto de homenaxe ao finado concelleiro de cultura Mariano Lema que en recoñecemento ao seu labor o "Arquivo Histórico e da Emigración" levará o seu nome.

Será un sentido acto no que a familia e a corporación municipal lembrarán á persoa de Mariano.



XXIV XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA



Plantación de Camelia conmemorativa na inauguración das Xornadas.



Visita aos traballos e mostras de camelias.



Presentación das Xornadas a cargo de Enrique Vázquez, Concelleiro de Cultura.



Intervención na inauguración de Lia Chiara Micciché de Capannori (Italia).



Foto de grupo da visita guiada ao Pazo de Santa Cruz de Ribadulla.



Intervención na inauguración de Ángeles Vázquez, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.



Concerto da agrupación UllaDeza Brass band.



Concerto da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.



Afluencia de público no momento da inauguración.



Clausura das mostras cun atranque infantil.



Actuación de Isla LetriskA.



Charla interpretativa da contorna da Estación de Tren de Santa Cruz de Ribadulla.



Actuación do grupo de pandereiteiras da Asociación Cultural Raiolo.



Entrega de premios do 19º Concurso de debuxo infantil de Camelia.



Escola de Saúde - Arredor da saúde bucal das persoas maiores (21 febreiro).



Excursión a San Paio de Narla, Santa Eulalia de Bóveda e muralla, catedral e cidade de Lugo (13 febreiro).



Liga de Escoba do Centro Social da Terceira Idade (todos os luns de febreiro).



Momento da Saída da IX Ruta Btt da Camelia polo Val do Ulla.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Así foi o Ciclo Documental Galego de Inverno da Asoc. Senunpeso.



Momento da saída do V Maratón por Montaña da Camelia, do Club de Montaña Vértice.

APP CONCELLO DE VEDRA

■ Descarga “Concello de Vedra” no AppStore ou no PlayStore do teu dispositivo (móbil, tableta, portátil,...) e terás ao teu servizo a App Concello de Vedra coa

que poderás informarte e consultar a actualidade municipal e facer as notificacións que consideres.

ILUMINACIÓN PÚBLICA DE VEDRA

■ Novo sistema de avisos de avarías:

- Nos teléfonos 699 304 702 (de luns a venres de 7:00 a 21:00 h.) e 902 350 784 (de luns a domingo as 24 horas – SÓ URXENCIAS)
- Na App Concello de Vedra
- No enlace: <http://onvia.evia.net/avisaweb/avisaweb.aspx?ayto=Vedra&Lang=gl-es>

IMPORTANTE!!

Nestas datas a empresa Naturgy (anteriormente Unión Fenosa) está a reforzar moitas das súas liñas en diversas parroquias do concello. Facemos este aviso para o coñecemento da veciñanza.

Medio Ambiente

EN LOITA CONTRA A VELUTINA

■ Que facer se descubro un niño de velutina

Se descubro un niño de velutina debo de seguir os seguintes pasos:

1. Anotar a súa localización coa maior exactitude posible.
2. Avisar as autoridades competentes, ben sexa chamando ao 012 ou ao Concello (981 814 612)
3. Manterse afastado e non intentar quitar o niño sen equipos especializados de protección.


■ Importancia do control da avespasiática

A vespa velutina ou máis comunmente coñecida como asiática comeza a ser un gran problema para a biodiversidade no noso país. Matan polinizadoras e outros animais para alimentar a súas larvas e ademais de ser unha alarma polas súas picaduras, a súa extensión causa estragos ambientais e económicos, especialmente na comunidade agrícola e apicultora.

■ Como diferenciar os niños

Os niños da Vespa Velutina son de forma redondeada e de maíor tamaño có dunha avespasiática autóctona. Normalmente entre os 80 cm e 1 metro. Na gran maioría dos casos atópanse no alto das árbores e teñen a entrada por un pequeno furado no lateral do propio niño.

Colabora
poñendo
trampas



■ Diferencias entre vespa velutina e vespa cabro

A principal diferenza entre a vespa velutina e a cabro é a cor. Podémolas confundir polo seu tamaño, pero a avespasiática autóctona ten o abdome de cor máis amarela, mentres a velutina é de cor máis escura tendo só unha parte do seu abdome de cor amarelo.



Vespa
Velutina



Vespa
Europea
ou Cabro

SENDEIRISMO

■ Ruta “Dende Catoira a Padrón”

Data: 16 de marzo.

Punto único de recollida do autobús: campo da festa de San Mamede de Ribadulla.

- Hora de recollida: ás 9:00 h.

Despois da etapa arredor das 14:30 h. xantar de confraternidade no campo da festa de San Mamade de Ribadulla, para camiñantes e familiares.

Información e reservas para a etapa e para o xantar no 981 814 691 antes do 14 de marzo!

DUATLÓN OCEAN LAVA 2019

■ AVISO Á VECIÑANZA!!

Con motivo do desenvolvemento desta proba deportiva o vindeiro sábado 9 de marzo haberá os seguintes cortes ao tráfico entre as 15:00 h. e as 19:00 h:

- Estrada DP 8203 dende Vedra ata Illobre.
- Estrada DP 1202 dende Vedra ata Trobe.
- Estrada L45 dende o Terrón (Illobre) ata Cornado (San Fins)

Desculpar as molestias.

Educación

VEDRA MEDRA. MARTES DE ENTROIDO, CANDO HAS DE VIR CASQUÍNAS DE OVOS, COMO HABEDES DE RUXIR!

■ O Entroido vai chegando e o CPI de Vedra encara a parte final da preparación para o festexo que celebraremos o 1 de marzo, se o tempo nos acompaña.

Esta semana chega ao centro unha exposición con media ducia de paneis explicativos sobre o Entroido tradicional da Ulla. O alumnado pode achegarse así á festa a través da imaxe e da palabra reforzando todos cantos coñecementos foi adquirindo no obradoiro que se veu desenvolvendo cada martes dende finais de outubro como actividade complementaria. Ademais da exposición, traeremos traxes de xenerais e correos para que os rapaces poidan apreciar as particularidades da indumentaria tradicional.

O primeiro venres de marzo faremos con todo o alumnado da ESO unha macrorrepresentación do Entroido da Ulla. Non faltarán o rei e a raíña presidindo a celebración, nin os exércitos, os abandeirados, os xenerais e correos, as comparsas, os coros de bonito e de vellos, os gastadores e a charanga.

Realizamos xa a saída ao Pazo de Sta. Cruz de Ribadulla coa rapazada de 2º da ESO. Vedra medra tiña entre os seus obxectivos traballar co PATRIMONIO NATURAL, principalmente coas árbores e formacións senlleiras que alberga o xardín e contorna do pazo.



Vedra medra poñerá en marcha en breve un novo proxecto “Bótame un capio”. Este xorde para complementar o traballo de recollida de vocabulario tradicional iniciado en San Miguel de Sarandón a mediados de xaneiro. Proximamente presentaremos unha app que imos utilizar para recuperar léxico descoñecido ou pouco usado desta comarca da Ulla.

Vedra medra segue apostando por traer á aula un PATRIMONIO VIVO.

Non esquezaades que para este labor precisamos de todos vós.



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE



Eleccións do Consello de Maiores (8 de febreiro).

- **Baile de Entroido**
Sábado 2 de marzo a partir das 18:00 h. no Centro Social.
- **Escola do Móbil: "Como sacar fotos co móbil"**

Xoves 7 de marzo ás 20:00 h. no Centro Social.

- **Circuíto Termal nas Termas de Outariz**
Mércores 20 de marzo.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar, visita e regreso. (O prazo de inscrición para esta saída ábrese o 6 de marzo no teléfono 981 814 695. As prazas e número de asento adxudícaranse por rigorosa orde de inscrición)

- **Bingo**
Xoves 28 de marzo ás 20:00 h.
- **Final da Liga de Escoba**
Luns 4 de marzo ás 20:00 h.
- **Comezo da Liga de Brisca**
Todos os luns ás 20:00 h.

XXIX ROMARÍA DA TERCEIRA IDADE O 6 DE ABRIL

IMSERO. PROGRAMA DE TERMALISMO PARA O 2019

- Un ano mais preséntase este programa para a terceira idade.

REQUISITOS PARA PARTICIPAR:

- Ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente do Sistema da Seguridade Social.
- Ser pensionista de viuvez do Sistema da Seguridade Social con 55 anos ou máis.
- Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, do Sistema da Seguridade Social, con 60 anos ou máis.
- Estar asegurado ou ser beneficiario do Sistema da Seguridade Social, con 65 anos ou máis.

Tamén é necesario:

- Non padecer alteracións de comportamento que impidan a convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidades transmisibles con risco de contaxio.
- Poder valerse por sí mesmo para as actividades básicas da vida diaria.
- Precisar os tratamentos termais solicitados.

ESTABLECEMENTOS INCLUÍDOS NO PROGRAMA:

Baños Vellos	Santiago de C.	Termas Romanas
Rio Pambre-2	Augas Santas	Arnoia
Molgas-1	Molgas-2	Carballiño
Laías	Lobios	Acuña-1
Acuña-2	Dávila	Caldelas de Tui
Termas de Cuntis	Baños da Brea	Illa da Toxa
Mondariz		

SERVIZOS QUE OFRECE:

- Aloxamento e manutención, en réxime de pensión completa.
- Tratamentos termais básicos: recoñecemento médico, tratamento termal e seguimento do mesmo.
- Actividades de ocio e tempo libre ofertadas de balde.
- Póliza colectiva de seguro.

Para asistir ás quendas de SETEMBRO a DECEMBRO, ambos incluídos: deben solicitalo antes do 17 de maio de 2019.

Para máis información e solicitudes poderán dirixirse ao DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS do Concello os LUNS, XOVES E VENRES DE 8:30 a 14 horas.

LUDETECA

■ Tendo como base das nosas actividades o Programa Conxuga, no que o desenvolvemento da igualdade e a conciliación é o punto de referencia, no mes de marzo centrarémonos na análise de estereotipos, a través de distintas dinámicas. Ademais gozaremos do Entroido con música, disfraces e comida!!!

A estas actividades sumaremos a realización das "Olimpiadas das igualdade" ademais da realización de distintos talleres e obradoiros.

Con esta intención, ofrecemos os seguintes obradoiros e actividades:

- Coñecendo Xapón.
- Xogando en valores: Contacontos.
- Obradoiro emocional.
- "Experimentos divertidos".
- "Mr. Manitas": O Entroido, cabezudos, costura creativa, globoflexia.
- Miúdos/as artistas,

- Móvete e baila! Obradoiro de expresión corporal.
- Compañeiros/as de xogo: Xogo en gran grupo.
- Obradoiro de sombras.

Lembrarvos que durante as vacacións de Entroido o horario da ludoteca será de 8:30 a 14:30 h.



Concello de Vedra



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA

Muller

VEDRA EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

MULLERES
ASASINADAS
ANO 2019

11



Pacto de Estado
contra la violencia de género

■ O Día Internacional da Muller é unha data que se celebra en moitos países do mundo. Un día no que as mulleres de todos os continentes, a miúdo separadas por fronteiras nacionais e diferenzas étnicas, lingüísticas, culturais, económicas e políticas, únense para gritar en prol da igualdade, a xustiza, a paz e o desenvolvemento.

Neste sentido, desde a Concellaría de Igualdade trabállase por lograr a igualdade e a emancipación das mulleres no municipio, unha igualdade que sexa efectiva e real. Un traballo que se desenvolve ao longo de todo o ano.

Cada ano realízanse diversos actos de sensibilización ao redor do Día Internacional da Muller, 8 de marzo, sobre a desigualdade que sofren as mulleres. Seguin-

do co principio básico da transversalidade en todas as actuacións que se realizan desde o Plan de Igualdade, cada ano téntase que nesta programación estean presentes outras concellarías municipais, asociacións de mulleres e entidades sociais.

Os obxectivos xerais son:

- Sensibilizar á poboación do Concello de Vedra sobre as situacións de desigualdade que aínda sofren as mulleres.
- Promover a igualdade de oportunidades das mulleres.
- Avanzar cara unha sociedade máis xusta, equitativa e democrática que elimine as situacións de violencia, discriminación e pobreza que viven as mulleres.

Algunhas das actividades que se realizarán no mes de marzo:

- Conferencias e mesas redondas sobre a situación das mulleres.
- Talleres de educar en igualdade.
- Talleres de corresponsabilidade e conciliación.
- Cineforum e coloquios sobre a Muller.

VOLVE O "POSTA A PUNTO"

Poñemos en marcha este programa co obxectivo de xerar un espazo de encontro, lecer e formación para a mocidade do concello. A proposta consiste en desenvolver diferentes obradoiros e actividades entre os meses de marzo a xuño de 2019.



- A temática é variada.
- As actividades son totalmente gratúitas.
- Están dirixidos preferentemente aos/as xóvenes de entre os 14 ata os 35 anos.
- As prazas son limitadas.

Obradoiros

- **Lugar de celebración:** Centro Municipal de Formación (Casa da Estación do Tren de Santa Cruz de Ribadulla)
- **Hora:** 20:00 h.

Venres 15 de marzo: **Obradoiro de speaker e radio.** Mellora a transmisión de información en eventos.

Venres 12 de abril: **"Actualización" dinámicas e xogos** Para a animación no lecer e tempo libre.

Venres 26 de abril: **"Idea un negocio rápido".** 10 claves para montar a túa primeira empresa.

Venres 10 de maio: **Obradoiro de cociña erótica.** Alimentos afrodisíacos e receitas para compartir.

Venres 31 de maio: **"loga da risa".** Aprende a meditar rindo.

Venres 7 de xuño: **Obradoiro de globoflexia.** Animais, flores e obxectos con globos.

Venres 14 de xuño: **Obradoiro de animación musical.** Técnicas, mestura e selección musical

Cursos

Curso de maxia e clown. Sábado 16 de marzo (de 11:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 19:00 h.)

Curso de maquillaxe e pintacaras. Sábado 13 de abril (de 11:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 19:00 h.)

Curso de dinamización, organización e execución de rutas de sendeirismo. Sábado 25 de maio (de 10:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 20:00 h.)

Curso de DJ. Sábado 15 de xuño (de 11:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 19:00 h.)

Rol en vivo. "Asasinato no Ribadulla Express"

- **Sábado 6 de abril de 2019**

Eran os primeiros anos do ferrocarril en Galicia e Hoshi Jun, unha das cultivadoras de camélia máis prestixiosas de Xapón, frecuentaba o noso Pazo de Santa Cruz de Ribadulla para facer negocios, cando misteriosamente foi asasinada no Ribadulla Express. Quen a matou? Porque? Adéntrate neste fabuloso misterio Axuda ao noso detective a descubrir a verdade E GAÑA A RECOMPENSA!

Supervivencia nas Fragas do Eume

- **22 e 23 de xuño de 2019**

Montaxe de tendas, como espantar animais, como facer nós, cociña trapeira, interpretación da contorna...

Programa:

Sábado: Saída ás 10:00 horas, picnic, realización de actividades campistas e cea trapeira.

Domingo: Almorzo de campo, sendeirismo polas Fragas do Eume, xantar e retorno ás 20:00 horas.

Prazas limitadas (fai a túa reserva xa).

Para participar en cada un dos obradoiros, cursos ou actividades de lecer hai que anotarse ata dous días antes no teléfono 981 814 691 ou en xuventude@concellodevedra.com

CENTRO XUVENIL DE VEDRA

A partir do 12 de marzo, a mocidade de Vedra ten un espazo propio onde compartir e gozar do seu

tempo de lecer: nace o Centro Xuvenil de Vedra.



CURSO DE MONITOR/A DE TEMPO LIBRE

■ Unha nova oportunidade para acadar o título de Monitor/a de Tempo Libre.

- **Requisitos:** Ser maior de 18 anos e ter interese na formación no eido do tempo libre.
- **INSCRICIÓN ABERTAS ATA O 1 DE ABRIL.**
- **Chama XA** ao 981 814 691 ou escríbenos a cultura@concellodevedra.com

CAMPAMENTO RECREANDO

■ Para a mocidade nada de 2001 a 2004 (ambos inclusive) ofertase un campamento en Alicante.

- **Datas:** do 1 ao 8 de xullo.
- **Prezo:** 165€ (non inclúe voo nin entradas).
- **Prazo de inscrición:** Aberto do 15 ao 29 de marzo.
- **Atención:** As prazas son limitadas, polo que a adxudicación será por estricta orde de chegada no rexistro municipal.
- **Mais info** no teléfono 981 814 695.

Iniciativas Asociativas



TEATROFILIA 2019

■ A Asociación Cultural Papaventos presenta a súa programación para TEATROFILIA 2019!

Bótalle un ollo e non te perdas nin unha soa sesión!!!

Programación Teatrofilia 2019

Venres 22 de marzo

21:15 h. "Se pechas os ollos" +12. Trémola Teatro (Arteixo).

Sábado 23 de marzo

21:15 h. "Full Monty" TP. Grupo de Teatro de Andaina PSM (Dodro).

Domingo 24 de marzo

19:15 h. "A bonitísima historia da princesa Margarita" TP. Aula Municipal de Teatro de Carballo.

Venres 29 de marzo

21:15 h. "Proxecto Peta Zeta" TP. Escola de Teatro Pábulo (Santiago de Compostela).

Sábado 30 de marzo

21:15 h. "Loucos de atar" TP. La caja de Pandora (Verín).
23:15 h. "A Bóla Azul" TP. A Bóla Azul (Vedra).

Domingo 31 de marzo

19:15 h. "OhLimpiadas!" TP. Cía. Sincronacidas (Santiago de Compostela).

Venres 5 de abril

21:15 h. "Violencia" +12. Compagnia Teatrale Trebisonda (Como-Italia).

Sábado 6 de abril

21:15 h. "O inspector" TP. Teatro Muxicas (Ourense).

Domingo 7 de abril

16:15 h. Tarde infantil. "Detectives en Nadal". Escola de San Miguel de Sarandón (Vedra).
"Agardando" Xs Papaventiñxs.
"Isto é... isto é... como era isto?" Grupo de Teatro da A.C. Coto-manguelo (Orazo).
19:15 h. "República de Gundián" +12 Andaravía Teatro (Vedra).

Venres 12 de abril

21:15 h. "Paco Llons, detective privado" TP. Grupo de teatro de maiores do Centro Social de Vedra.

Sábado 13 de abril

21:15 h. "Pão Nosso" TP. Teatro de Balugas (Balugães-Portugal).

Teatrofilia

CICLO DOCUMENTAL GALEGO DE INVERNO DA ASOCIACIÓN SENUNPESO O 9 DE MARZO ÁS 20:00 H. NO CENTRO SOCIAL DE VEDRA. ÚLTIMA PROXECCIÓN DO CICLO

■ *Tódalas mulleres que coñezo* (2018, 71 min)

Xiana do Teixeiro recolle neste documental tres conversas con mulleres de diferentes xeracións que comparten experiencias e sensacións sobre o acoso na

rúa e a seguridade nos espazos públicos. A directora busca artellar un discurso sobre o medo que non fomenta o medo e un discurso sobre a violencia que non resulte violento.

■ A Asociación Berenguela pola Muller proponche participar da manifestación a nivel autonómico que se celebrará en Lugo para conmemorar esta data.

Para iso, coa colaboración do Concello de Vedra freterán un autobús gratuito que viaxará á cidade lucense para participar dos actos alí organizados con motivo do Día da Muller.



Nós imos a Lugo o 3 de marzo, e ti?

Saída dende Vedra: Ás 8:00h
Parada en Boqueixón: 8:20h
Parada en Touro: 8:50h
Parada en Arzúa: 9:50h

*A volta dende Lugo será ás 18:30h e fará as mesmas paradas como a ida.
Tanto as paradas como a saída dende Vedra se farán diante das respectivas casas consistoriais de cada concello.

Chegade con 10 minutinhos de antelación.

Para inscricións (gratuitas) ou máis información podedes chamar ou enviarnos mensaxe a :
+34 646 15 31 79
berenguelaasociacion@gmail.com

8M Falgo de xustiza, traballo de mulleres e estudante!
Por todas as mulleres, por todos os dereitos: revolta feminista!

Autobús dende Vedra, Boqueixón, Touro e Arzúa

xantar-baile-concurso de disfraces

Domingo 10 de marzo
Casa da Cultura de San Miguel de Sarandón

ENTROIDO

14:00 h. XANTAR: cocido, filloas, café...

Socios/as: 12 € Non socios/as: 15 €
Menores de 12 anos: Socios/as: gratis Non socios/as: 5 €

Actuación do DÚO MÁSTER

CONCURSO DE DISFRACES

Categorías: INFANTIL: ata 12 anos (agasallo para tódolos/as nenos/as disfrazados/as)
ADULTOS: individual, por parellas e en grupo

Tickets para o xantar (ata o día 7 de marzo) en:

* A Taberna do Ferrador * Xunta Directiva

+ Información no Tlf.: 689968427

san campio
ASOCIACIÓN CULTURAL

■ A Asociación de Festexos de San Miguel de Sarandón propón un ano máis as súas Xornadas Técnicas arredor da cultura do viño.

Estas realizaranse entre o 27 de marzo e o 13 de abril
cunha variada programación que che achegamos...

“Xornadas Técnicas de promoción e difusión da cultura do viño no camiño”

Casa de Cultura de San Miguel de Sarandón - Vedra

2019

Mércores 27 de marzo ás 19 h.

Conferencia “**ACTUAL MARCO NORMATIVO DA VITICULTURA NA D.O. RIAS BAIXAS**”
 (Registro Vitícola, Autorizacións de plantación, Subvencións e outras)
 Intervén: D. Julio César Reboredo Froiz, Enxeñeiro Técnico Agrícola.
 Vocal e Vicepresidente da D.O. Rias Baixas.

Xoves 28 de marzo ás 20 h.

Conferencia “**HEROES DUN VINEDO DE POSTAL**” Cata comentada
 Intervén: Victor Furelos Guillén, Xefe de Sección do diario El Correo Gallego e Miguel Gómez Hermida das Bodegas Regina Viatrix.

Viernes 29 de marzo ás 20 h.

“**COCIÑANDO CON ESTRELAS MICHELIN**”: Maridaxe de tapas elaboradas a partir de produtos característicos da zona con viños da Subzona Ribeira do Ulla da D.O. Rias Baixas”
 Intervén: Yayo Daporta chef do restaurante YAYO DAPORTA de Cambados galardado con unha ESTRELA MICHELIN e Chef Executivo do Mercado de Bonapartes de Santiago.
 Acto de clausura e entrega de diplomas aos asistentes.

Sábado 30 de marzo

Hermanamento coa Subzona de Amandi da D.O. Ribeira Sacra.
 Programa: Recepción, visita a adegas, lugares senlleiros e coñecemento do seu proxecto vitivinícola.

Sábado 13 de abril ás 12 h.

Cata pública dos viños da Subzona Ribeira do Ulla - D.O. Rias Baixas

PARA MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS TELF: 619 309 958-981 814 691

PROXECTO FINANCIADO POR:

Xunta de Galicia -- Agencia de Turismo de Galicia
 Proxectos de dinamización do Xacobeo 2021
 “O TEU XACOBEO”

“Promoción e valorización de produtos e recursos do territorio”
 Media Leader 2014-2020 Submedida 9.4
 Promoción Territorial

Data: Domingo 24 de marzo
Lugar: Nave da Estación de Tren de Santa Cruz de Ribadulla.
Hora: Ás 17:00 h.

Coas seguintes actuacións:

- Banda Xuvenil de Lalín.
- Banda Xuvenil de Touro.
- Bandas Infantil e Xuvenil da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.

Festival conta coa colaboración da Deputación da Coruña e o Concello de Vedra.

AO CRA BOQUEIXÓN VEDRA “NEIRA VILAS”

■ Polo seu recoñecemento de excelencia educativa no ámbito da potencialización na relación coas familias, recibido no pasado mes de febreiro no Pazo de Fonseca.




A ANTÓN VÁZQUEZ

■ Co-creador de Alén Space, polo seu primeiro premio na categoría mellor StartUp dentro dos premios TIC Galicia, organizados polo Clúster TIC Galicia.



AO PAZO DE ORTIGUEIRA

■ Polo seu galardón como mellor xardín histórico e singular outorgado pola Fundación de Casas Históricas e Singulares.



A MELA CASAL

■ Recoñecida actriz vedresa que recibirá o “Premio de honra Fernando Rey” da Academia Galega do Audiovisual na Gala dos María Casares na Coruña o 2 de marzo.



Vedra Festeira

XXXIV EXALTACIÓN DA FESTA DO VIÑO DA ULLA

■ ...E xa imos quentando motores para a chegada da XXXIV Exaltación da Festa do Viño da Ulla o 14 de abril

XXXIX EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA
SAN MIGUEL DE SARANDON - VEDRA
DOMINGO 14 DE ABRIL DE 2019

12.30 h. Inauguración da “Praza do Viño” e da Mostra dos Viños da D.O. Rías Baixas - Subzona Ribeira do Ulla. (Degustación de viños de 12.30 a 13.00 h.)

13.00 h. • Saída do Alcalde de Vedra.
• PREGÓN A CARGO DE **MANUEL PRIETO COMESAÑA**, mais coñecido como “**MANQUIÑA**” (Polifacético actor, presentador e cantante).
• Entrega de premios do Concurso-cata de Viños da Subzona Ribeira do Ulla
• Nomeamento dos/as novos/as membros/as da “**ORDE DOS AMIGOS E AMIGAS DA BOTA DO VIÑO DA ULLA**”

14.00 h. VIÑO SON: **ODAIKO & VANESA MUELA**

15.00 h. ORQUESTRA

16.00 h. VIÑO FOLCLÓRICO:
• **A.C. SAN CAMPIO**: Grupos de música e baile Os Laxeiríños, Os Campríños, Pandorsteiras Derstoleiras.
• **ULTREIA** Obradoiro de cultura tradicional

17.30 h. VIÑO FESTEIRO:

- “**LOS FABULOSOS WEEKEND**”
- **CHARANGA**
- “**A REQUINTA DA LAXEIRA**”
- **ORQUESTRA**

Espazo promocional dos Concellos da Subzona Ribeira do Ulla

Durante todo o día **Sorteo de Lotes de Produtos da Ulla**

Premios ás mellores Peñas: máis numerosa, máis festeira...

Haberá: polbo, filloas, chourizos, empanadas

AMPLOS APARCADOIROS

ORGANIZACIÓN: COMITÉ DE FOLCLORE E VIÑO DO VIÑO DA ULLA (CONCELLO DE VEDRA, CONCELLO DE SAN MIGUEL DE SARANDON, CONCELLO DE SAN XULIAN DE VEDRA, CONCELLO DE VEDRA)

CONCELLO DE VEDRA XUNTA DE GALICIA FEIROS BAIROS

PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.